

Bos días rapaces e rapazas de 3º!!!

Como me gustou veros a todos o mércores pasado na video chamada. Xa vin que estades a traballar moito e fixéchedes moi ben as descrições dos animais.

Esta semana apúntase tamén Lina, IUUUUUUU!!!! E preparou un xogo moi divertido sobre animais, tedes que ter con vós un lapis, unha goma e un papel para xogar así que o mércores non o olvidedes.

Esta semana imos a aprender nomes de animais mariños e imos a empezar cunha canción.

Preme no seguinte enlace para ver a presentación dos animais.

<https://www.youtube.com/watch?v=Oxw6FoUNeT4>

Escribe os nomes destes animais na túa libreta, ponlle de título **SEA ANIMALS**. Mando un adxunto con todos os animais, mira a ver se tes todos ben escritos.

Agora imos a ver unha **historia de Steve and Maggie** titulada Sea Animals

Preme no seguinte enlace para ver a historia

<https://www.youtube.com/watch?v=CSyCmJRF2WI>

A miña película de debuxos favorita sobre animais que viven no mar e **Finding Nemo**, mira este trailer da película e anota na túa libreta os animais que coinciden coa lista primeira que fixeches. Comparaos cos que escribín eu e mira se temos os mesmos. Despois incluíu algún máis que tamén aparece, anótaos tamén ti.

Aquí tedes o enlace ao trailer:

<https://www.youtube.com/watch?v=wZdpNgILbt8>

Esta semana xa non mando nada máis. Bueno sí, debuxa na túa libreta o teu animal mariño favorito e ponlle algunha das súas partes do corpo. Se alguén se anima tamén pode describilo. Acórdate primeiro o tamaño, despois a cor, despois o tipo de animal, as partes do corpo e o que pode e non pode facer acabando pola opinión persoal. O mércores mo ledes.

Aburiño